

Follas do Cineclub | 09/01/2019

Cluny Brown
(Cluny Brown, Ernst Lubitsch,
EUA, 1946, 100', VOSG)

01

**Fragmentos do libro *Lubitsch* de Jacqueline Nacache.
Ed. *Edilig*, 1987, tirados de <https://moncinemaamoi.blog/2016/11/27/cluny-brown-ernst-lubitsch-1946/>**

A finais do ano 1945, Lubitsch, que tivera graves problemas de saúde, obtén permiso do seu médico para retomar o seu posto detrás da cámara. *Cluny Brown* é unha adaptación dunha popular novela de éxito de Margery Sharp, fonte moi diferente das obras húngaras que lle encantaban a Lubitsch. *Heaven can wait* (1943) era un filme demasiado testamentario para ser certo. Despois do esplendor deste, e do que pasaba por ser unha emotiva despedida, a máis modesta Cluny Brown queda nunha posición de *outsider* un pouco molesta, e raramente aparece citada dentro das “grandes” obras de Lubitsch. Aparentemente desprazada, *Cluny Brown* ten algo de parrullo feo que fai que atraia e fascine aínda máis ao espectador atento.

O filme é famoso pola sátira que fai da sociedade inglesa. Lembremos de pasada que agás un breve episodio londiniense de *Design for living* (1933) e de outro máis amplo de *Angel* (1937), Lubitsch non se interesara practicamente por Inglaterra despois de *Lady Windermere's Fan* (1925), vinte anos atrás. Os ataques que vertía nela sobre a elite londiniense, que veñen de Wilde tanto como de Lubitsch, compoñían unha sátira moi diferente á de Cluny Brown, sendo a deste último filme á vez máis feroz e máis doce. Os dous protagonistas, Cluny Brown e Adam Belinski (Jennifer Jones e Charles Boyer) fican a resguardo das burlas, estando como están, por definición, fóra de lugar. Porén, todo o resto son descritos cunha ironía onde a crueldade aparece atenuada pola simpatía que lle inspira cada un dos personaxes ao realizador.

O que este denuncia a todos os niveis é a cegueira destes seres conxelados, impermeables a todo o que vai alén do limitado do seu ollar, ata o punto de que non ven irromper o mundo exterior dentro do seu propio teito. Algo reprehensible xa que a intriga se sitúa en 1938 e, como declara Peter Lawford, “Europa baila sobre un volcán”, de modo que esta cegueira adquire formas máis ou menos alarmantes. Lord e Lady Carmel, pechados cos seus rituais, adquiren o aspecto de inocentes benaventurados, e os seus empregados domésticos, conformistas e xenófobos, aos que lles falta a graza dos de *Angel*, o de simples idiotas. En cambio, a superficial Betty Cream é nociva e polo tanto tratada con maior dureza -fixo falta que o mundo cambiara para que a frivolidade se parecese tanto á estupidez! Mais é a pequena burguesía quen merece a crítica máis severa, sendo a súa rixidez moral apenas unha imitación servil das clases superiores. Así, a descrición do insoportable e patético Sr. Wilson (Richard Haydn) a reinar na súa farmacia doutro tempo dá máis noxo do que fai rir, e dá pé a momentos de auténtico amargor como poucas veces se atopan no cinema de Lubitsch. Penso nesa extraordinaria secuencia onde

o boticario golpea freneticamente o seu harmonio. Ao seu carón, Cluny tenta somerxerse nunha fantasía romántica, estragada polos ronquidos da vella Sra. Wilson, que só espera para emitir os aclarados de gorxa que forman desde hai tempo o seu único vocabulario. O cadro sabe facerse aínda máis abafante polo decorado pesado e avellado de interior de provincias. Pola violencia do trazo podemos pensar en Flaubert, e Jennifer Jones non fica lonxe, por uns pequenos instantes, do seu futuro personaxe de Mme. Bovary no filme de Minnelli...

En resumo, baixo o pretexto de facer escarnio dunha sociedade ben particular, Lubitsch reencontra a súa enorme mordacidade sobre o xénero humano, que se manifestaba no encantador cinismo dos seus filme máis apreciados. Algo que non debemos confundir coa misantropía, ben lonxe diso, e que é máis ben a aguda clarividencia dun moralista, que ten sen dúbida a súa orixe nas experiencias dos seus anos berlineses.

A pesares do perigosa que poida parecer esta cohorte de individuos obtusos, ningún deles fai verdadeiro mal máis que a eles mesmos, como é o caso do malpocado Sr. Wilson, que perde a Cluny e a esperanza dunha multitude de herdeiros. Aí vemos afirmarse a xenerosidade dun home cheo de experiencia. O mal, o verdadeiro, está noutro lugar, do lado deses dos que se fala en *Cluny Brown* como de pantasmas afastadas, e que Lubitsch evocara en *To be or not to be* (1942): os nazis. Ante o seu horror, todos os outros son inofensivos, a as sátiras devenen por forza suaves. Como dicir dunha maneira mellor que o cinema de Lubitsch, que se forxara durante a Primeira Guerra Mundial, non ten razón de ser despois da Segunda?

Mais disto, Lubitsch é plenamente consciente. Ata tal punto que, tomando a dianteira, ofrécenos con *Cluny Brown* outra sátira, máis profunda e tamén máis nostálgica: a do seu propio cinema. É así como nun filme en aparencia tan fraco, Lubitsch ridiculiza todo aquilo que constrúa o encanto das súas grandes comedias e revela desta forma, cunha lucidez chea de humor, que non é xa posible facer os filmes que el amaba. Vémolos en primeiro lugar na extrema desenvoltura coa que o guiñón de Samuel Hoffstein trata os personaxes e o seu destino. A arte da comedia sofisticada segundo Lubitsch (polo menos ata *Ninotchka*, 1939) baséase no seguinte postulado: a intriga componse de acontecementos mínimos, tan lixeiros en eles mesmos que a súa fin nos leva a miúdo de volta ao comezo, mais esta futilidade tómasse en serio, e trátase como o auténtico motor dramático do filme.

En *Cluny Brown*, nada ten tampouco importancia, mais esta vez o baleiro do filme apúntase de maneira clara. Evócase o nazismo, pero Betty Cream várreo de diante cun xesto impaciente, e Lord Carmel confunde o “Mein Kampf” cun manual sobre a vida ao aire libre. O profesor Adam Belinski vai a casa de Hilary Ames a buscar un amigo, non o atopa, pero que máis dá! Déitase e queda durmido. Espértano tres mozos, trátano como un heroe, non protesta, déixase levar ao Ritz, acepta os cartos que lle empristan e promete non pedirlle prestado a outros que non sexan os seus novos protectores. Entre tanto, o Sr. Ames, que non era máis ca un pretexto para o encontro de Cluny e Adam, desaparece completamente... A fermosa Betty Cream (Helen Walker) é cortexada nun primeiro momento por dous

CLUNY BROWN

JACQUELINE NACACHE

pretendentes, dos cales un desaparece totalmente da historia despois duns poucos minutos de presenza.

Poderíamos seguir páxinas enteiras dando exemplos deste tipo. Alí onde os filmes de Lubitsch e dos seus cómplices no guión funcionaban coa precisión dun mecanismo de relojería, *Cluny Brown* avanza a cegas, con personaxes apenas esbozados, relacións sen anoar de todo, motivacións máis ben confusas. Todo aquí non son máis que pisadas falsas e rúas sen saída.

A linguaxe mesma é va. Porén, fálase todo o tempo en *Cluny Brown*, pero fálase para encher o silencio, sen nunca chegar a comunicar algo de verdade. Se Cluny quere botarlles esquiós ás noces e non noces aos esquiós, como a anima Adam, non atopará ninguén que a deteña! Que mellor maneira de expresar a inanidade das palabras, esas palabras que Lubitsch cultivou, amou e preparou tan preciosamente desde a chegada do sonoro?

E o xogo do desexo, tan central na xeometría de Lubitsch? Tamén aparece completamente ventilado. Deixemos a un lado o feito de que as maiores efusións de sensualidade no filme veñan dos voluptuosos efectos da fontanería sobre Cluny Brown. Pero que as atraccións amorosas sexan tratadas cunha negligencia tal! Polo que lles toca a Andrew e a Betty, o seu idilio ten lugar fóra de campo, e resólvese no guión polo seguinte diálogo entre Betty e a súa futura sogra:

Lady Carmel: Querida, vai vostede casar con Andrew?

Betty: Si.

Lady Carmel: entón deberíallo dicir, porque estase a poñer moi nervioso.

Adeus á historia de amor! Anteriormente, o profesor Belinski manifestara un interese tan repentino como ignorado por Betty, episodio que non terá ningunha consecuencia sobre a trama, máis alá do feito de acelerar a partida de Belinski e o seu casamento con Cluny Brown. O entreacto Belinski-Betty contribúe de feito a facer esa voda aínda máis incomprendible, mais, frustrados, despois dunha hora corenta, xa non importa demasiado...

E Lubitsch chega mesmo a burlarse de si mesmo a través de Charles Boyer, "reflexo apagado do realizador", segundo Frédéric Vitoux, "checo fuxindo a Inglaterra do perigo nazi, artista e impostor a parte iguais, no que a total liberdade pero tamén a ausencia de raíces xustifican unha actitude divertidamente desmitificadora". A dozora que se abre camiño a pesar de todo sobre o desencanto de *Cluny Brown*, non virá de que Lubitsch séntese próximo a Adam e Cluny, os seus eternos rexeitados?

Con *Cluny Brown*, desprázase o centro de gravidade da sociedade lubitschiana. Xa non vemos palacios, pero fálase do Ritz mentres se desatasca un lavabo como un lugar onde calquera pode tomar un té por unha libra (...). A sociedade de *Cluny Brown* perdeu totalmente o norte. As sobriñas dun fontaneiro toman cócteis nas casa dos burgueses de Londres e té nas dos aristócratas de provincias. Un lord inglés, para quen todo estranxeiro non é humano, trata un aventureiro checo coma un dos seus pares, unha criada sopra na orella do seu amo que anaco de carne debe escoller. Inútil, de agora en diante, ter o talento dun Gaston Monescu [protagonista de *Trouble in paradise*] para coarse clandestinamente nas altas esferas. Nunha orde social tan perturbada que un non é xa que de recoñecer aos seus, mellor adoptar o comportamento de Cluny e Adam, e deixarse levar ata a fin do camiño polos erros dos demais.

De todas estas transformacións nace un filme que xa non ten a beleza implacable de xoias como *Trouble in paradise* (1932) ou *Angel*, pero que destaca por outras cualidades: a súa calorosa desorde, mestura de ledicia e amargura, e sobre todo o poder de afrontar a incoherencia do real, por desconcertante que sexa.

Comprendemos mellor agora por que hai tan poucos "toques" en *Cluny Brown*, e sobre todo tan poucas das famosas elipses que aínda reinaban en *Heaven can wait*. Se a elipse foi sempre o artificio favorito de Lubitsch para eliminar as impurezas do cotián e fabricar un universo dunha lisa perfección, estranxeiro á realidade, ese procedemento non ten entón ningún sentido en *Cluny Brown*, onde o que se trata é de atrapar o contrario desa perfección, de ver como escribe Serge Daney: "O que había entre os planos dos outros filmes: a vida que avanza por azar e o tempo perdido sen alegría".

A posta en escena é entón máis discreta pero non menos traballada, en longas secuencias que lle dan ao filme o ritmo impreciso e familiar dunha crónica. Os desprazamentos dos personaxes no encadre, orquestrados sempre sutilmente por Lubitsch, obedecen ao principio da perturbación. Mentres que esas escenas da vida de provincias aparecen marcadas por largos momentos de inmovilidade en medio deses interiores serenos, Adam e Cluny introducen a axitación anárquica que pon en perigo a tranquilidade de todos. Despois de ter utilizado as súas personaxes para facer do tempo e o espazo cinematográfico pura harmonía, Lubitsch ponnos agora a destruír outra harmonía, falsa e afectada, que non é máis que convención social e descansa sobre o rexeitamento da vida e do movemento. (...) Na súa ironía ambigua, *Cluny Brown* ten acentos de tal forza que un non sabe se debe estrañar a Lubitsch de antes ou aquel que podería ter sido se a súa vida non se tivese interrompido tan cedo.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as) cineclubedecompostela.wordpress.com [facebook.com/cineclubedecompostela](https://www.facebook.com/cineclubedecompostela) @cineclubedecompostela@gmail.com

PROYECCIONES

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela) Entrada de balde | Bono-axuda: 1€



MÉRCORES 9

Cluny Brown
(Cluny Brown, Ernst Lubitsch, EUA, 1946, 100', VOSG)

MÉRCORES 16

As extraordinarias aventuras de Mister West no país dos bolxeviques
(Необычайные приключения мистера Веста в стране Большевиков [Neobychainye priklucheniya mistera Vesta v strane bolshevikov], Lev Kuleshov, URSS, 1924, 94', VOSG)

MÉRCORES 23

As aventuras de Picasso
(Picassos äventyr, Tage Danielsson, Suecia, 1978, 115', VOSG)

MÉRCORES 30

E houbo luz
(Et la lumière fut, Otar Iosseliani, Francia/RDA/Italia, 1989, 105', VOSG)